

Programa de Educación Cívico-Tributaria



Agencia Tributaria

O propósito desta presentación é explicarles aos nenos, con idades comprendidas entre os 10 e 12 anos, o sentido e a finalidade dos impostos. A presentación ten un obxectivo didáctico e aínda sendo o seu contido técnico correcto, non se pretendeu que fose excesivamente precisa. Por iso, fálase en xeral dos impostos e non se entra a distinguir entre os distintos tipos de tributos. Así mesmo, cando se tratan as pensións, indícase xenericamente que estas se financian mediante as achegas dos traballadores e dos empresarios e mediante os impostos. O profesor adaptará a presentación ás peculiaridades do grupo concreto e ao tempo previsto para esta.

O mundo é de todos



e para todos

Necesidades individuais

Vivenda

Roupa


Alimentación



Os seres humanos temos moitas necesidades para podermos vivir.

¿Podemos vivir sen comer, sen roupa que nos abrigue, sen unha casa onde resgardarnos, etc?

A comida, a roupa e a vivenda foron e son desde sempre as necesidades máis elementais de toda persoa. Para poder satisfacelas todos debemos conseguir, por medio dos cartos que se obteñen traballando, certos bens que a natureza nos ofrece directamente ou que nós elaboramos ou producimos.



As persoas que viviron na prehistoria enfrontáronse co problema de que os bens son limitados, acábanse. Cando as plantas, a caza ou a pesca dun lugar se esgotaban, as persoas desprazábanse ou emigraban a outra zona ou rexión onde houbera alimentos abundantes.



Pero un bo día estas persoas déronse conta de que podían cultivar plantas ou criar animais sen ter que emigrar a outros lugares. Deste xeito, fixéronse agricultores e gandeiros sedentarios, é dicir, sen ter que desprazarse para satisfaceren as súas necesidades básicas.

Co andar dos anos e dos séculos, as primeiras necesidades e desexos dos seres humanos fóronse ampliando e complicando, ata chegar a hoxe en día, onde unhas persoas producen o que outras necesitan ou consomen.



Ao principio, as persoas intercambiaban o que cada unha producía; así, por exemplo, o pescador dáballe peixe ao agricultor e, a cambio, o agricultor dáballe froitas e hortalizas ao pescador. Como non sempre o ben que precisaba unha persoa lle era entregado a cambio do que el mesmo producía e podía dar, inventáronse os cartos cos que se pode adquirir calquera cousa e que valen para cambialos polo que sexa; así comezou o comercio.



Pero os seres humanos non viven sós, illados os uns dos outros. Os seres humanos vivimos en colectividade, en grupo.

Imos identificar os distintos grupos aos que nós pertencemos. Pensemos...

A familia, os amigos, os compañeiros da clase, os do colexio, o equipo no que xogamos e outros parecidos, son algúns deses grupos dentro dos cales satisfacemos moitas das nosas necesidades como individuos.

As persoas adultas, sexan homes ou mulleres, os vosos pais e as vosas nais, perciben a cambio do seu traballo un soldo ou uns cartos; os xubilados unha pensión, como seguramente recibirán os vosos avós. Con eses cartos compran o que necesitan eles e a súa familia e, ás veces, tamén ata o que non necesitan. Esta é a maneira de satisfacer as nosas necesidades individuais.

Necesidades colectivas



Colexios



Bibliotecas



Ademais destas necesidades particulares, existen outras que son comúns a moita xente: educativas, sanitarias, asistencia a discapacitados, investigadores...

Por exemplo:

¿Quen apaga o lume que queima as casas, as fábricas ou os bosques?

¿Quen limpa as rúas e coida dos xardíns?

¿Quen constrúe as estradas, autovías ou autoestradas? ¿Quen constrúe os colexios e os hospitais?

Son necesidades públicas, colectivas e cuxa satisfacción esixe o esforzo común, porque cada persoa ou cada familia por separado non tería capacidade nin recursos suficientes para financiarlas.

Necesidades colectivas




Para satisfacer estas necesidades colectivas, existen as Administracións Públicas, como a Comunidade Europea, o Estado, as Comunidades Autónomas, as Deputacións, os Concellos e outras, que se encargan de planificar os gastos dos servizos públicos que se prestan e dos que gozan os cidadáns. Pero, para poder pagar estes gastos, as Administracións Públicas teñen que obter uns ingresos ou recursos, que proceden dos cidadáns.

Para iso, elaboran uns presupostos. É dicir, que vistas as necesidades que hai e canto custa satisfacelas, comprobamos con que cartos contamos para pagalas.



As Administracións Públicas preparan os presupostos do mesmo xeito que o facemos cada un de nós para saber canto podemos gastar en función dos cartos que temos e igual que fai a nosa familia e que se fai na nosa comunidade de veciños.



Volviendo ás Administracións Públicas, en España, o Parlamento, cuxo nome é o de Cortes Xerais...

¿Sabedes que é o Parlamento?

¿Oístes falar das Cortes Xerais?

... aproba unhas contas que se chaman Presupostos Xerais do Estado, nas que se autoriza o Goberno a conseguir ou recadar determinados ingresos e a realizar determinados gastos durante un ano, e así poder satisfacer as necesidades colectivas. As outras Administracións tamén fan as súas contas de ingresos e gastos, é dicir, tamén elaboran os seus presupostos, e co que recadan fíxanse unhas metas ou obxectivos para satisfacer determinadas aspiracións das persoas.

Se vós puiderades falar coas persoas que elaboran o Presupuesto, ¿que lles pediríades?



Polo tanto, o que acabamos de explicar serve para saber que moitas das cousas que necesitamos non poderíamos conseguilas cada un pola nosa conta. Por iso, cada persoa pon unha pequena parte dos seus cartos e coa achega de todos fórmase un fondo común, que é o que utilizan as Administracións Públicas para pagar os edificios (colexios, hospitais, bombeiros), estradas, parques e outros servizos.

Os ingresos públicos que fan falta para poder satisfacer as necesidades colectivas e custear os servizos públicos dos que todos nos beneficiamos conséguense fundamentalmente mediante o pagamento de impostos que realizamos os cidadáns de acordo coas leis do noso país.



¿Algún de vós estivo algunha vez nun hospital público? ¿Alguén tivo un irmán máis novo e foino ver a el e á súa mamá?

Os hospitais, as súas instalacións, os quirófanos, os aparatos para facer radiografías e outras probas aos enfermos, as camas, as cadeiras e as cadeiras de brazos custan moitos cartos e páganse co diñeiro de todos. Nos hospitais son necesarios os médicos e as médicas, os enfermeiros e as enfermeiras e o resto de persoas que traballan dentro destes centros sanitarios, que son moitas.

Os enfermos e os familiares destes non lles pagan aos que traballan nos hospitais, págaselles cos cartos comúns. Desta maneira, todos (enfermos ou non) damos diñeiro para os gastos dos hospitais e así algunhas persoas con poucos cartos poden ser atendidas e curadas igual que outras persoas con moito diñeiro. Cando pagamos un imposto, axudamos a que todos poidamos ir gratis a un hospital público.

¿Algún de vós estivo algunha vez nunha farmacia para mercar menciñas cunha receita do médico?

Cando se compran medicinas con receita por indicación do médico, págase nas farmacias só unha pequena parte do que en realidade custan. A outra parte non sae do peto de quen as compra, xa que as pagamos co diñeiro común que achegamos todos cos impostos. É, polo tanto, un gasto público do que nos beneficiamos todos os que temos que mercar medicinas para curarnos.



¿Sabedes que os museos, os parques, as piscinas e os polideportivos públicos os pagan e manteñen as Administracións Públicas cos cartos que damos todos cos impostos? As piscinas e polideportivos públicos, como son máis baratos ca os centros privados, poden ir moitos máis nenos e nenas. Se só houberse centros ou clubs privados, moitos nenos e nenas non poderían nadar nin facer deporte porque as súas familias non terían cartos suficientes para pagar a cota de socios.

¿Tedes avós? ¿Traballan os vosos avós? ¿Alguén sabe quen lles paga a pensión que cobran, coa que viven?

Os teus avós non traballan porque xa son vellos; traballaron antes. Agora reciben unha cantidade de diñeiro para viviren que se chama pensión. Esta pensión é un dereito que gañaron despois de contribuír ao longo de toda unha vida de traballo. As pensións son un gasto público que se pode pagar cos cartos que se recollen dos impostos e das achegas dos traballadores e dos empresarios.

¿Sabedes con que cartos se pagan as escolas e colexios públicos, os pupitres, encerados, mesas, cadeiras, o patio ou o xardín de recreo? ¿Sabedes quen lles paga aos profesores e ás profesoras dos colexios públicos?

Do mesmo xeito que sucede cos hospitais, as escolas e os colexios públicos constrúense co diñeiro que os cidadáns achegamos mediante os impostos.

¿Alguén sabe dicir algún outro gasto público na cidade? [A continuación, o profesor dirá outros gastos, servizo de recollida do lixo, abastecemento de auga potable, subvencións ao transporte público...]

Así pois, lembremos agora os gastos públicos dos que falamos ata este momento:

- Gastos sanitarios (Construción e mantemento dos hospitais. Soldos das persoas que traballan. Medicinas)
- Gastos educativos (Construción dos colexios. Compra das mesas, das cadeiras e dos armarios. Soldos das persoas que traballan).
- Gastos culturais e de entretemento (Museos, bibliotecas, parques, piscinas, polideportivos).
- Pagamento das pensións.
- Construción e mantemento das estradas e das autovías.

Impostos indirectos



¿Algún de vós oíu falar na casa dos impostos?

¿Sabe alguén que son os impostos?

Un imposto é unha cantidade de cartos que deben pagar obrigatoriamente os cidadáns para que as Administracións Públicas poidan atender os gastos públicos de todos. Hai dúas clases de impostos:


- a) Os indirectos son aqueles que obrigan a pagar a todo o mundo por igual cando se fai unha compra, gañemos ou teñamos máis ou menos cartos. O máis coñecido é o IVE, que se paga cada vez que mercamos algo, por exemplo, un lapiceiro, un pantalón, un CD, unha tarxeta de móbil ou o pan.

Impostos directos



b) Os directos son aqueles que permiten que quen ten máis ou gaña máis diñeiro pague cantidades maiores que quen ten menos e recibe uns ingresos inferiores.

Progresividade



Un dos impostos directos é o Imposto sobre a Renda (IRPF), que pagan as persoas segundo os cartos que gañan, é dicir, do soldo que cobran ou segundo os beneficios que obteñen (por exemplo, un arquitecto ou unha avogada ou un fontaneiro ou unha taxista).

¿Oístes falar do Imposto sobre a Renda (IRPF)? O Imposto sobre a Renda é o máis coñecido. Durante maio e xuño hai que presentar unha declaración por este imposto, que fai que os vossos pais busquen os papeis que precisan. O primeiro que debemos saber é que as persoas pagan o Imposto sobre a Renda segundo os cartos que gañan. De xeito que quen gaña máis paga máis e quen gaña menos paga menos, e mesmo as persoas que teñen só o xusto para poderen vivir non pagan nada.

Pero, hai outras cousas que tamén queremos contarvos sobre este imposto.

No Imposto sobre a Renda considérase que hai unha cantidade mínima de diñeiro que todos necesitamos gastar para poder vivir e cubrir as necesidades básicas. Por esa cantidade non hai que pagar o imposto. Ademais, esa cantidade mínima é maior para as persoas que teñen fillos, xa que deben alimentalos, mercarlles roupa, libros e xoguetes.

Outra cousa importante é que o Imposto sobre a Renda ten uns descontos, que son cantidades que poden restar as persoas que teñen uns determinados gastos. Entre estes descontos está o das nais que teñen cativiños e ademais traballan fóra da casa, para axudarlles a poder pagar unha gardería ou outra persoa que lles coide os seus fillos mentres están traballando. Ademais, as persoas que compran unha casa para vivir tamén poden pagar menos no Imposto da Renda mentres estean pagando a súa casa.

Por último, o Imposto sobre a Renda págase todos os anos, pero non de golpe. Págase aos poucos, a prazos, xa que a xente pon cada mes unha pequena parte do soldo que gaña. Cada ano, en maio ou en xuño, fanse as contas: sumamos todo o que gañamos, restamos os descontos ou gastos que tivemos e o que pagamos mes a mes, e se o resultado nos di que nos falta algo por pagar, pagámolo; pero se pagamos de máis, devólvennolo.

Así pois, o Imposto sobre a Renda é un imposto que intenta ser moi xusto, ao ter en conta as diferenzas que hai entre as persoas, pois unhas gañan máis e outras menos; unhas teñen fillos e outras non. Unhas teñen uns gastos e outras non. Deste xeito, o imposto contribúe tamén a que as desigualdades entre as persoas sexan menores, pois inda que uns paguen máis porque teñen máis e outros paguen menos porque teñen menos, todos temos o mesmo dereito a gozar das estradas, dos parques, dos hospitais, dos colexios e dos demais servizos comúns.




Tendo en conta que os servizos públicos custan moitos cartos, todos deberiamos pagar os impostos porque quen non o fai deixa de ingresar cartos ao fondo público común, ao fondo de todos e prexudica os demais. É coma se para facer unha festa, todos os nenos desen cartos para poder comprar as bebidas e os aperitivos, pero houbera un ou dous que quixesen estar na festa, pero sen pagar nin axudar no traballo. ¿Pareceríavos ben que alguén fixese isto? ¿Por que?

Se todas as persoas pagásemos o que nos corresponde, habería moito diñeiro para vivir todos mellor. Por iso, para ser bos cidadáns, todos debemos pagar os impostos que nos corresponden. Ademais, só quen paga pode protestar cando considera que os cartos colectivos se deberían utilizar máis para algúns gastos do que para outros.

Contra a fraude fiscal. Prexudícanos a todos

Defraudador

Sancións, embargos



Pero, ¿que pasa cando hai persoas que non pagan o que deben?

Cando se sabe que unha persoa non paga o que debe, obrígaselle a facelo e penalízase con sancións e multas.

Ademais, se non paga os impostos que debe e a multa, pódenselle embargar os seus bens (a casa, o coche, a moto, a tele, etc.) e os cartos que se obteñen da venda dos bens empréganse para cancelar as súas débedas de impostos.



O organismo responsable no Estado de recadar os impostos é a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), máis coñecida coma a Axencia Tributaria.

Cita previa para a confección da declaración da renda



Dúas son as misións fundamentais que ten encomendadas:

- Por unha banda, axudar o contribuínte a cumprir as súas obrigacións tributarias.
- Pola outra, intentar evitar que a falta de solidariedade dalgúns supoña unha carga maior para o resto, é dicir, loitar contra o fraude fiscal.

A Axencia Estatal da Administración Tributaria na Internet

The screenshot shows the homepage of the Agencia Tributaria website. At the top, there is a navigation bar with the Agencia Tributaria logo and the URL www.agenciatributaria.es. Below this, a banner reads "A Axencia Estatal da Administración Tributaria na Internet". The main content area features a search bar, a "Sede Electrónica" button, and a "Aduanas e Impuestos Especiales" button. There are several sections for news and services, including "planes de regularización e lotta contra a fraude", "Renda e Patrimonio 2011", and "Sociedades 2011". A "Contacto conosco" section lists contact information and services. A "Novidades" section lists recent news items, such as "Estadísticas sobre Comercio Exterior (Ago 2012)" and "Posa 02/2012 de Dependencia Provincial de Aduanas e R.E.E. de La Farga de Moles".

Na páxina web da Axencia Tributaria www.agenciatributaria.es pódese atopar moita información e tamén se poden facer moitos trámites relacionados cos impostos (pódese presentar a declaración da renda, pagar os impostos, etc).

Programa de Educación Cívico-tributaria



Esperamos que agora teñades máis claro para que serve pagar impostos e LEMBRARDE:

“Todos temos necesidades individuais, que satisfacemos cada un cos nosos cartos, pero ademais temos outras colectivas, que un a un non poderíamos pagar. Para iso, realízanse achegas a un fondo común. Estas achegas fanse fundamentalmente mediante o pago de impostos. Con eles cóbrense os gastos precisos para establecer e manter os servizos públicos que necesitamos e queremos ter para gozar dunha mellor calidade de vida.”